



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 de Febreiro de 2.010

No Salón de Actos da Casa do Concello de Bueu, cando son as 14.00 horas do día 5 de Febreiro de 2.010, reúnese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria segundo a Orde do Día fixado por Resolución da Alcaldía e notificada ós membros da mesma:

Sres. Asistentes:

- D. Martín Villanueva Pastoriza
- D^a Laura Ogando Muñiz
- D. Andrés Lamosa Barros
- D^a María Teresa Magdaleno Rodríguez

Secretaria:

D^a Lucía Artime Alonso

Interventora:

D^a María Jesús Piñeiro Bello

- *Incidencias: Non asiste D^a Reveca Mónica Gago Sánchez*

Comprobada a existencia de quorum suficiente, pola Presidencia dispónse o inicio da sesión ós efectos de tratar os asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria, adoptándose os seguintes acordos:

A) ACTAS ANTERIORES (Ordinarias de 16/10/09 e 23/12/09)

Preguntada pola Presidencia si existe algunha rectificación que facer ó borrador da Acta da sesión ordinarias celebradas con data 16/10/09 e 23/12/09, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, ACORDA PRESTARLLE aprobación sen rectificacións.

B) URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

Obras maiores:

1. MARIA ASUNCIÓN VIEITES AVE.- LEGALIZACIÓN PISCINA NO ANTEPAZO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE o traslado do expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Departamento Territorial de Pontevedra-Servizo Provincial de Urbanismo) ós efectos no establecido no art. 41 da LOUGA de acordo co informe do Arquitecto Técnico Municipal de 30/10/2009.

2. PROMOCIONES INMOBILIARIAS O CUARTEIRÓN.- MODIFICACIÓN BLOQUE 5 PLANTAS 4-5 E BLOQUE 6 PLANTAS 3-4 MAZÁ MASSO.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, segundo informe técnico emitido e dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico de 26/01/2010 RESOLVE prestar aprobación ó proxecto modificado de Infraestructuras Comunes de Telecomunicacións visado con data 07/05/2009 de acordo co informe do arquitecto municipal de data 10/11/09 e xurídico de 17/12/09.



3. PROMOCIONES INMOBILIARIAS O CUARTEIRÓN.- MODIFICACIÓN BLOQUES 3 E 4 MAZÁ MASSO.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, segundo informe técnico emitido e dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico de 26/01/2010 RESOLVE prestar aprobación ó proxecto de execución visado con data 23/02/2009 e documentación complementaria de data 07/05/2009 de acordo co informe do arquitecto Municipal de data 15/12/2009 e xurídico de 17/12/2009.

4. XUNTA DE COMPENSACIÓN AS LAGOAS A1-S1.- PROXECTO URBANIZACIÓN MODIFICADO E ANEXO Ó MESMO.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE A APROBACIÓN DEFINITIVA do Proxecto de Urbanización modificado visado con data 16/06/08 e Anexo visado con data 03/04/09 de acordo co informe xurídico de data 11/12/2009.

DISPOÑENDO a notificación do presente acordo ós propietarios do Polígono e Publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5. LEANDRO VIDAL RODRÍGUEZ.- VIVENDA EN MONTEMOGOS

Dada conta do expediente tramitado a nome de D. Leandro Vidal Rodríguez num. 2740 de 28/04/09 e 7326 de 01/12/09, 192 de 04/01/10 e 256 de 18/01/10 para construción de vivenda unifamiliar illada de sótano, baixo e piso no lugar de Montemogos, deste termo municipal.

Examinados os documentos de legalización, do Proxecto Básico e de execución visado polo seu colexio Profesional o 15/10/08 e documentación complementaria visada o 28/10/09 e 18/01/2010 redactados por técnico competente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes coa abstención formulada polo Sr. Concelleiro D.Martín Villanueva Pastoriza en canto ten interés directo neste asunto, de conformidade cos informes técnico e xurídico emitido, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico e documentación presentada.

RESOLVE CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan consistentes na construción de vivenda unifamiliar illada de sotano, planta baixa e planta primeira no lugar de Montemogos, deste termo municipal e coas seguintes determinacións:

Condicións xerais:

- En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é conxuntamente reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados, senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.
- A licenza concédese con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que foran procedentes e nas condicións establecidas nas autorizacións autonómicas e provinciais, manténdose en todo caso as distancias de seguridade establecidas na autorización da Consellería de Industria.
- De coñecerse o destino dos locais e tratarse éste do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a



concesión da licenzia urbanística á obtención da correspondente licenzia de apertura, de xeito que, se non se achegara a obter ésta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenzia de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenzia de apertura preceptiva, non podendo comenzarse as obras ata a concesión desta última.

- En lugar ben visible da obra, colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenzia, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas

Data da licenzia: 05/02/2010

Licenzia Municipal num.: O.M. num. 01/2010

- Nos portais dos edificios, deberá deixar un lugar de doado e cómodo acceso, acondicionado para a colocación no seu día dos contadores de auga.
- Ordenanzas: Deberán observarse estrictamente todas as condicións sobre obras das vixentes ordenanzas.
- Penalización: O incumprimento dalgunha destas condicións leva consigo a correspondente paralización de obra e incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, sen perxuízo das sancións a que houbera lugar.

Caducidade das licenzias.

1. No acto de outorgamento da licenzia determinaranse os prazos de caducidade das licenzias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenzia por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenzia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenzia sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenzia axustada á ordenación urbanística en vigor.

Condicións particulares:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Para o Solo desta parcela sita no núcleo de Montemogos rexe a ordenanza num. 10 das NNSS de Bueu aprobadas definitivamente o 11/06/1986 que o denomina "SOLO URBANO DE ENTIDADES RURAIS DE POBOACIÓN" regulado no aptdo. 2.3.2.3 do Texto da Normativa Urbanística e a folla num. 4 da Planimetría a escala 1:5000.

Nos parámetros non especificados nas NN.SS, son de aplicación as NNSS provinciais (DOG de 19 de Xuño de 1991) e a Lei 9/2002 de réxime urbanístico e de protección do medio rural de Galicia DOG 31/12/2002, modificada pola Lei 15/2004 co Regulamento de Disciplina Urbanística (DOG 17 de Febreiro de 1999) e os de planeamento, Xestión, edificación forzosa e Rexistro municipal de, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados pola Lei 9/2002 e as súas modificacións.

- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará : vivenda unifamiliar illada de sotano, planta baixa e planta primeira no lugar de Montemogos.



- Nome ou razón social do promotor: Leandro Vidal Rodríguez
- Técnico/s autor/es do proxecto e director das obras: Martín Villanueva Pastoriza
- Orzamento base para a liquidación do Imposto de Construcción: 121.895,91€ (Proceder a dar traslado á Tesourería Municipal ós efectos de comprobación do abono das taxas e impostos que lle corresponden, tanto no que afecta a primeira liquidación como a liquidación complementaria no seu caso)

Polo Arquitecto Municipal xirarase visita de inspección ás devanditas obras por si as mesmas se atopan iniciadas.

- As obras axustaránse ó proxecto básico e de execución presentado e demais documentación complementaria aportada e adoptaránse as correspondentes medidas de seguridade contempladas no estudo de seguridade e saúde, ó abeiro do RD 1627/1997 e demais normativa respecto á seguridade e saúde das obras.
- Non se permitirá a ocupación dos edificios en tanto non esté realizada totalmente a urbanización que afecte ós mesmos e estén en condicións de funcionamento os suministros de auga, enerxía eléctrica e redes de sumidoiro.
- O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licencia, sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado.

Asimismo comportará a perda da fianza constituída, en calquera das formas admitidas pola Lexislación Local en contía suficiente para garanti-la execución das obras de urbanización na parte que lle corresponde.

- Servizos: Deberán estar resoltos con carácter previo a costa do promotor, en todo caso se garantizará a execución simultánea coa edificación (Art. 29.1.g da LOUPMRG 9/2002).
- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

De conformidade co disposto no art. 194.6 da LOUPMRG 9/2002 de 30/12, a edificación proxectada está sometida á obtención de licencia de primeira ocupación.

6. ISABEL DÍAZ DEL RÍO.- PROXECTO MODIFICADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN, AMPLIACIÓN EDIFICACIÓN EN MONTERO RÍOS

Dada conta do expediente tramitado a nome de Isabel Díaz del Río num. 5656 de 06/08/03, 123 de 12/01/05, 3862 de 17/06/05, 5397 de 31/08/05, 5900 de 23/09/05, 1100 de 17/02/06, 3095 de 25/05/06, 2622 de 19/04/07, 4100 de 22/06/07, 4120 de 25/06/07, 4503 de 11/07/07, 8464 de 20/12/07, 5571 de 12/09/08, 4664 de 20/07/09, 5705 de 11/09/09, para ampliación e adición de planta a edificio catalogado de baixo e piso na Rúa Montero Ríos num. 413, deste termo municipal.

Examinados os documentos do Proxecto Básico e de execución visado polo seu Colexio Profesional o 24/12/02 e documentación complementaria visada o 16/06/05 e 12/08/05, 31/01/06 13/04/07 e 10/07/07, 29/11/07, 17/12/07, 19/12/07 e 17/07/09

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes técnico e xurídico emitido, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico e documentación presentada.

RESOLVE CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan consistentes na ampliación e adición de planta a edificio catalogado de baixo e piso na Rúa Montero Ríos num. 143, deste termo municipal e coas seguintes determinacións:

Condicións xerais:

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



- En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é conxuntamente reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados, senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.
- A licenza concédese con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que foran procedentes e nas condicións establecidas nas autorizacións autonómicas e provinciais, manténdose en todo caso as distancias de seguridade establecidas na autorización da Consellería de Industria.
- De coñecerse o destino dos locais e tratarse éste do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se achegara a obter ésta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non poidendo comenzarse as obras ata a concesión desta última.
- En lugar ben visible da obra, colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas
Data da licenza: 05/02/2010
Licenza Municipal num.: O.M. num. 2/2010
- Nos portais dos edificios , deberá deixar un lugar de doado e cómodo acceso, acondicionado para a colocación no seu día dos contadores de auga.
- Ordenanzas: Deberán observarse estrictamente todas as condicións sobre obras das vixentes ordenanzas.
- Penalización: O incumprimento dalgunha destas condicións leva consigo a correspondente paralización de obra e incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, sen perxuízo das sancións a que houbera lugar.

Caducidade das licencias.

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán inicia-las obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.



Condições particulares:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: O Solo desta parcela sita no lugar de Meiro clasifícase como SOLO URBANO CONSOLIDADO, regulado pola ordenanza 13 das NNSSMM “Solo Urbano de Conservación da estrutura edificatoria no aptdo. 2.3.2.3.4 do texto da normativa Urbanística e a folla num. 5 da planimetría a escala 1:1000 da citada norma.

Nos parámetros non especificados nas NN.SS, son de aplicación as NNSS provinciais (DOG de 19 de Xuño de 1991) e a Lei 9/2002 de réxime urbanístico e de protección do medio rural de Galicia DOG 31/12/2002, modificada pola Lei 15/2004 co Regulamento de Disciplina Urbanística (DOG 17 de Febreiro de 1999) e os de planeamento, Xestión, edificación forzosa e Rexistro municipal de, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados pola Lei 9/2002 e as súas modificacións.

- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará : Ampliación e adición de planta a edificio catalogado de baixo e piso

- Nome ou razón social do promotor: Isabel Díaz del Río

- Técnico/s autor/es do proxecto e director das obras: A2M Arquitectos Superiores S.L.P

Polo Arquitecto Municipal xirarase visita de inspección ás devanditas obras por si as mesmas se atopan iniciadas.

- As obras axustaránse ó proxecto básico e de execución presentado e demais documentación complementaria aportada e adoptaránse as correspondentes medidas de seguridade contempladas no estudo de seguridade e saúde, ó abeiro do RD 1627/1997 e demais normativa respecto á seguridade e saúde das obras.
- Non se permitirá a ocupación dos edificios en tanto non esté realizada totalmente a urbanización que afecte ós mesmos e estén en condicións de funcionamento os suministros de auga, enerxía eléctrica e redes de sumidoiro.
- O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licencia, sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado. Asimismo comportará a perda da fianza constituída, en calquera das formas admitidas pola Lexislación Local en contía suficiente para garanti-la execución das obras de urbanización na parte que lle corresponde.
- Servicios: Deberán estar resoltos con carácter previo a costa do promotor, en todo caso se garantizará a execución simultánea coa edificación (Art. 29.1.g da LOUPMRG 9/2002.
- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

De conformidade co disposto no art. 194.6 da LOUPMRG 9/2002 de 30/12, a edificación proxectada está sometida á obtención de licencia de primeira ocupación.

7. CONSTRUCCIONES LIBOREIRO.- RECTIFICACIÓN ACORDO X.G. 20/06/08, EDIFICIO TRES VIVENDAS EN FRANCISCO ESCÁNEO

Dada conta do erro material detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 20 de Xuño de 2.008.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA a súa rectificación quedando redactado nos seguintes termos:



“ Dada conta do expediente tramitado a instancia de Construcciones Liboreiro Bueu S.L.L. num. 792 de 08/02/08, 1510 de 11/03/08 e 2732 de 06/05/08 para construción dun edificio para tres vivendas con tres prazas de garaxe en baixo , dúas plantas altas e baixo cuberta, sito en Francisco Escáneo num. 12 de Bueu.

Examinados os documentos do proxecto básico visado polo seu colexio profesional o 29/01/08 e a documentación complementaria visada o 07/03/08 e 05/05/08 redactados por técnico competente.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes técnico e Xurídico emitidos e dictame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, vivenda e Tráfico e documentación presentada.

Por unanimidade dos seus membros **ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL** para a execución das obras que se solicitan consistentes na construción de edificio sito en Francisco Escáneo num. 12, deste termo municipal coas seguintes determinacións:

Condicións xerais:

- En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é conxuntamente reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados, senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.
- A licenza concédese con independencia doutro tipo de autorizacións administrativas que foran procedentes.
- De coñecerse o destino dos locais e tratarse éste do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se achegara a obter ésta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non poidendo comenzarse as obras ata a concesión desta última.
- En lugar ben visible da obra, colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas
Data da licenza: 20/06/08
Licenza Municipal num.: O.M. num. 39/08
- Nos portais dos edificios , deberá deixar un lugar de doado e cómodo acceso, acondicionado para a colocación no seu día dos contadores de auga.
- Ordenanzas: Deberán observarse estrictamente todas as condicións sobre obras das vixentes ordenanzas.
- Penalización: O incumprimento dalgunha destas condicións leva consigo a correspondente paralización de obra e incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, sen perxuízo das sancións a que houbera lugar.

Condicións particulares:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: O solo desta parcela clasifícase como SOLO URBANO CONSOLIDADO regulado pola Ordenanza 12 “SOLO



URBANO DE MEDIA ALTA DENSIDADE” no apartado 2.3.2.3.3 do texto da normativa urbanística e a folla num. 5 da planimetría a escala 1:1000 da citada norma.

A parcela conta cos servizos citados no art. 29 da LOUPMR: Acceso rodado, evacuación e tratamento das augas residuais e subministración de enerxía eléctrica ou noutro caso garantiza a execución simultánea coa edificación.

Nos parámetros non especificados no PXOU son de aplicación as NNSS Provinciais (DOG de 19 de Xuño de 1991) e a Lei 9/2002 de réxime urbanístico e de protección do medio rural de Galicia DOG 31/12/2002, modificada pola Lei 15/2004 co Regulamento de Disciplina Urbanística (DOG 17 de Febreiro de 1999) e os de planeamento, Xestión, edificación forzosa e Rexistro municipal de, en todo o que non se opoñan ou resulten afectados pola Lei 9/2002 modificada.

- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará : Construcción dun edificio para tres vivendas con tres prazas de garaxes en baixo, dúas plantas altas e baixo cuberta
- Nome ou razón social do promotor: Construcciones Liboreiro Bueu SLL
- Técnico/s autor/es do proxecto e director das obras: D. Martín Villanueva Pastoriza
- Presuposto de Execución material: 170.270,08 €
- As obras axustaránse ó proxecto básico presentado e demáis documentación complementaria aportada e adoptaránse as correspondentes medidas de seguridade contempladas no estudio de seguridade e saúde, ó abeiro do RD 1627/1997 e demáis normativa respecto á seguridade e saúde das obras.
- Non se permitirá a ocupación dos edificios en tanto non esté realizada totalmente a urbanización que afecte ós mesmos e estén en condicións de funcionamento os suministros de auga, enerxía eléctrica e redes de sumidoiro.
- O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licenza, sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado.

Asimismo comportará a perda da fianza constituída, en calquera das formas admitidas pola Lexislación Local en contía suficiente para garanti-la execución das obras de urbanización na parte que lle corresponde.

- Servizos: Deberán estar resoltos con carácter previo a costa do promotor, en todo caso se garantizará a execución simultánea coa edificación (Art. 29.1.g da LOUPMRG 9/2002.
- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais.

PROXECTO DE EXECUCIÓN: Dado que o proxecto que se presenta é básico, deberá presentarse proxecto de execución para a súa autorización no prazo de SEIS MESES e previamente ó inicio das obras de construción

Este proxecto de execución conterà toda a normativa esixible de obrigado cumprimento, non contida no proxecto básico.

Conxuntamente co proxecto de execución presentarase xustificación de ter designado Aparellador.

LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

De conformidade co disposto no art. 194.6 da LOUPMRG 9/2002 de 30/12, a edificación proxectada está sometida á obtención de licenza de primeira ocupación.



Obras menores:

1. INÉS FREIRE SOAGE.- POZO EN CASTRELO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D^a Inés Freire Soage de 13/01/10 para pozo de captación de augas no lugar de Castrelo, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe técnico emitido (de data 20/01/2010), dictame favorable da Comisión informativa de urbanismo, vivenda e tráfico (en sesión de data 26/01/2010) e documentación presentada.

ACORDA OUTORGAR LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan consistentes na construción de pozo de captación de auga no lugar de Castrelo (Cela), deste termo municipal e coas seguintes determinacións:

- Todo propietario que execute unha obra de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
- Os escombros e acopios de materiais non se poderán apilar na rúa pública nin apoiarse nos valos ou muros de peche.
- A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, nin da intervención ou atribucións que puidieran corresponder a outras administracións.
- O regulamento 35/2000 de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo I, na Base 1.4.3 sinala que as obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.. Este paso deberá transcurrir sen chanzos “Si existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementarase a sinalización coa instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.
- De non executarse as referidas obras nos termos da presente licenza incurrirá en infracción urbanística tipificada na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que implicará a imposición da correspondente sanción ós responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia da obriga de reposición da legalidade.
- O pozo non poderá afectar a captacións anteriores legalizadas (art. 68 da L.A.).
- As distancias mínimas entre pozos ou entre éstos e manantiais son, para caudais inferiores a 0,15 l/sg: 20 m. en solo rústico.
- O recuado mínimo do pozo a lindeiros será de 3 m.
- O recuado a outros pozos, fosas sépticas ou pozos filtrantes existentes na propia parcela ou nas parcelas lindantes será de 25 m. como mínimo (cumpre a solicitude).
- O recuado a camiños públicos será igual ou superior ó establecido para o peche da parcela
- Será obrigatoria a comprobación da potabilidade da auga no caso da súa utilización para o consumo humano..

Orzamento:

Orzamento total válido para a liquidación do imposto municipal: 1.051,77€

- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

Caducidade das licencias.

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.



No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Segundo disposto na Lei 15/2004 de 29 de Decembro pola que se modifica o artigo 220º da Lei 9/2002 LOUPMRG de 30 de Decembro: Regras para determinar a contía das sancións, as infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

- As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 Euros, e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 Euros, e como mínimo o 30% do valor da obra, terreos, edificacións ou actuación realizada.

Nos supostos de escasa entidade da infracción a Administración poderá aplicar a sanción prevista na letra b) anterior.

En todo caso colocará un cartel ben visible dende a vía pública no que conste:

- Nome do Promotor
- Nome do Contratista
- Data da licenza: 05/02/2010
- Licenza municipal o.m. num. 1/2010

2. JOSÉ A. GONZÁLEZ ARIAS.- REPARACIÓN INTERIOR E EXTERIOR LOCAL EN MONTERO RÍOS

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. José A. González Arias num. 6204 de 07/10/09 para reparación interior e exterior de local sito na R/ Montero Ríos num. 46 baixo, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe técnico emitido con data 15/12/09, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico en sesión celebrada o 26/01/2010, e documentación presentada.

ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan e coas seguintes determinacións:

- Todo propietario que execute unha obra de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
- Os escombros e acopios de materiais non se poderán apilar na rúa pública nin apoiarse nos valos ou muros de peche.
- A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, nin da intervención ou atribucións que puidieran corresponder a outras administracións.
- As obras non poderán implicar aumento de volume nin afectar a elementos estruturais da edificación.



- O regulamento 35/2000 de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo I, na Base 1.4.3 sinala que as obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.. Este paso deberá transcurrir sen chanzos “Si existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementarase a sinalización coa instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.
- De non executarse as referidas obras nos termos da presente licenza incurrirá en infracción urbanística tipificada na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que implicará a imposición da correspondente sanción ós responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia da obriga de reposición da legalidade.

Orzamento:

Orzamento total válido para a liquidación do imposto municipal: 9.330,07€

- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

Caducidade das licencias.

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Segundo disposto na Lei 15/2004 de 29 de Decembro pola que se modifica o artigo 220º da Lei 9/2002 LOUPMRG de 30 de Decembro: Regras para determina-la contía das sancións, as Infraccións Urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

- As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 Euros, e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 Euros, e como mínimo o 30% do valor da obra, terreos, edificacións ou actuación realizada.

Nos supostos de escasa entidade da infracción a Administración poderá aplica-la sanción prevista na letra b) anterior.

En todo caso colocará un cartel ben visible dende a vía pública no que conste:

- Nome do Promotor
- Nome do Contratista
- Data da licenza: 05/02/2010
- Licencia municipal o.m. num. 02/2010



Outras circunstancias: Non se xunta á solicitude o estudio básico de seguridade e saúde na obra. O RD 1627/97 que entrou en vigor o 26 de decembro de 1997 dispón a necesidade de estudio para o outorgamento da licenza municipal.

3. MARIA CONSUELO SANTOS CORREDOIRA.- MURO DE PECHE NAS MEANS

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D^a María Consuelo Santos Corredoira num. 6628 de 27/10/09 para construción de muro de peche no lugar das Means, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe técnico emitido con data 08/06/09, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Tráfico en sesión celebrada o 18/06/09, e documentación presentada.

ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para a execución das obras que se solicitan e coas seguintes determinacións:

- Todo propietario que execute unha obra de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
- Os escombros e acopios de materiais non se poderán apilar na rúa pública nin apoiarse nos valos ou muros de peche.
- A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, nin da intervención ou atribucións que puidieran corresponder a outras administracións.
- O muro terá unha altura máxima de 1.00 m. sobre a rasante do vial ó que ten fronte, sendo de mampostería de pedra. Gardará un recuado mínimo de 4.50 m. ó eixo do vial.
- O regulamento 35/2000 de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Anexo I, na Base 1.4.3 sinala que as obras que se realicen nas vías públicas deberán protexerse con valos estables e continuos dunha altura non inferior a 90 cm.. Este paso deberá transcurrir sen chanzos “Si existise un evidente perigo para as persoas invidentes complementarase a sinalización coa instalación dun sinal acústico intermitente cunha intensidade de emisión que non perturbe á comunidade.
- De non executarse as referidas obras nos termos da presente licenza incurrirá en infracción urbanística tipificada na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que implicará a imposición da correspondente sanción ós responsables, así como a obriga de resarcimento dos danos e indemnización das perdas a cargo deles, todo isto con independencia da obriga de reposición da legalidade.

Orzamento:

Orzamento total válido para a liquidación do imposto municipal: 1.500,00€

- Deberá abonarse a correspondentes taxas e ICIO de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais, de non terse abonado con anterioridade.

Caducidade das licencias.

1. No acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licencias de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada



antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licencia sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

3. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licencia sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licencia axustada á ordenación urbanística en vigor.

Segundo disposto na Lei 15/2004 de 29 de Decembro pola que se modifica o artigo 220º da Lei 9/2002 LOUPMRG de 30 de Decembro: Regras para determinar a contía das sancións, as infraccións urbanísticas serán sancionadas da seguinte forma:

- As infraccións leves, con multa de 300 a 6.000 Euros, e como mínimo o 2% do valor da obra, instalación ou actuación realizada.
- As infraccións graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20% do valor da obra, terreo, exceso de edificación ou actuación realizada.
- As infraccións moi graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 Euros, e como mínimo o 30% do valor da obra, terreos, edificacións ou actuación realizada.

Nos supostos de escasa entidade da infracción a Administración poderá aplicar a sanción prevista na letra b) anterior.

En todo caso colocará un cartel ben visible dende a vía pública no que conste:

- Nome do Promotor
- Nome do Contratista
- Data da licencia: 05/02/2010
- Licencia municipal o.m. num. 3/2010

Outras circunstancias: Non se xunta á solicitude o estudo básico de seguridade e saúde na obra. O RD 1627/97 que entrou en vigor o 26 de decembro de 1.997 dispón a necesidade de estudo para o outorgamento da licencia municipal.

4. ALFREDO DE LA IGLESIA DARRIBA.- CUMPRIMENTO ACORDO X.G. 23/12/09 MURO DE CONTENCIÓN E PECHE NO SABARIGO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA A RETIRADA deste asunto da orde do día da convocatoria.

Licenzas de Primeira Ocupación

1. MÓNICA PIÑEIRO MOLANES.- LICENZA PRIMEIRA OCUPACIÓN VIVENDA NO BURGO

Dada conta do expediente tramitado a instancia de Dª Mónica Piñeiro Molanes num. 4487 de 21/07/09 para licencia de primeira ocupación de vivenda unifamiliar aillada no lugar de O Burgo num. 27 (Cela), deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes de conformidade co informe técnico de 14/01/2010, dictame da Comisión informativa de Urbanismo, vivenda e tráfico de 27/01/2010 e documentación presentada.

Por canto non se observan deficiencias, e as obras se axustan sensiblemente á licencia concedida e a documentación requerida polos Servizos Técnicos Municipais.

Por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN de vivenda unifamiliar aillada no lugar de O Burgo num. 27 (Cela), deste termo municipal.



Parcelacións:

1. CRISTINA DOMÍNGUEZ LÓPEZ.- PARCELACIÓN FINCA NO CABALO

- 1.- Peticionario: **CRISTINA DOMÍNGUEZ LÓPEZ.**
- 2.- Domicilio: Cabalo.
- 3.- Data da solicitude: 29/09/2009.

- 4.- Obxeto da obra: **LICENCIA PARCELACIÓN.**
- 5.- Lugar: **CABALO Nº 71.**

Presenta: Proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Miguel Juncal Pereira, visado con data 22/09/2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes de conformidade co informe técnico de 05/01/2010 e xurídico de 08/01/2010.

Visto o informe dos Servicios Técnicos Municipais de datas 22/10/2009: Visto o informe favorable dos Servicios Técnicos Municipais de data 05/01/2010 que substitúe o anterior en razón da documentación aportada polo interesado; Visto o documento de propiedade aportado de data 26/11/1993; Vistos os datos relativos á superficie da parcela que constan na certificación catastral aportada co proxecto; Visto o certificado emitido polo técnico redactor do proxecto no que se describe a superficie e configuración da parcela; A tenor do sinalado no artigo 195.4 da LOUGA: "... unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos". Visto que figura informe da empresa concesionaria do servizo de saneamento municipal no que se sinala que, en relación a parcela que se pretende segregar, resulta posible a conexión ó servizo de saneamento;

Visto que segundo consta nos informes dos sevicios técnicos antes sinalados a parcela se ubica no lugar de Cabalo, dentro da delimitación do núcleo e se regula pola Ordenanza nº 10 das NNSSMM de Bueu. Visto que no mesmo informe se sinala que o devandito núcleo está consolidado en máis do 50 % polo que se cumpre o establecido na Disposición Transitoria Primeira da LOUPMR; Visto que no sinalado informe técnico se sinala que a superficie mínima establecida na devandita Ordenanza 10 é de 600 m² ou 500 m² no caso de dispoñer de rede de saneamento, e que a edificabilidade máxima é de 0,55 m²/m² si a parcela dispón do devandito servizo ou 0,45 m²/m² no caso contrario; E todo elo salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais;

RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PARCELACIÓN solicitada conforme Proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Miguel Juncal Pereira, visado con data 22/09/2009- nos seguintes termos:

PARCELA INICIAL: 2.683 m².

PARCELAS RESULTANTES:

Parcela 1.- 2.158 m².

Parcela 2.- 525 m².

Condicións:

Concello de Bueu



A licenza se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2. RUBÉN DARÍO PEREIRA DOMÍNGUEZ.- PARCELACIÓN FINCA NO CABALO

- 1.- Peticionario: **RUBÉN DARÍO PEREIRA DOMÍNGUEZ.**
- 2.- Domicilio: Cabalo.
- 3.- Data da solicitude: 21/08/2009.

- 4.- Obxeto da obra: **LICENCIA PARCELACIÓN.**
- 5.- Lugar: **CABALO Nº 41.**

Presenta proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Miguel Juncal Pereira, visado con data 11/08/2009 e documentación complementaria visada con data 02/11/2009 e 30/11/2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes,

Visto os informes dos Servicios Técnicos Municipais de datas 08/09/2009, 22/10/2009 e 09/11/2009 Visto o informe favorable dos Servicios Técnicos Municipais de data 29/12/2009 que substitúe os anteriores en razón da documentación aportada polo interesado; Vista e escritura de compraventa nº 617 de data 04/04/2001; A tenor do sinalado no artigo 195.4 da LOUGA: "... unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos".

Visto que segundo consta nos informes dos sevicios técnicos antes sinalados a parcela se ubica no lugar de Cabalo, dentro da delimitación do núcleo e se regula pola Ordenanza nº 10 das NNSSMM de Bueu. Visto que no mesmo informe se sinala que o devandito núcleo está consolidado en máis do 50 % polo que se cumpre o establecido na Disposición Transitoria Primeira da LOUPMR; Visto que no sinalado informe técnico se sinala que a superficie mínima establecida na devandita Ordenanza 10 é de 600 m² ou 500 m² no caso de dispoñer de rede de saneamento, e que a edificabilidade máxima é de 0,55 m²/m² si a parcela dispón do devandito servicio ou 0,45 m²/m² no caso contrario; E todo elo salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais;

Por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PARCELACIÓN** solicitada segundo Proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Miguel Juncal Pereira, visado con data 11/08/2009 e documentación complementaria visada con data 02/11/2009 e 30/11/2009- - nos seguintes termos:

PARCELA INICIAL: 1.592 m².

PARCELAS RESULTANTES:

Parcela 1.- 982 m².

Parcela 2.- 610 m².

Condicións:

A licenza se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.



3. ANTONIO DAVILA ALVAREZ E OUTRO.- PARCELACIÓN NA UA 4 DE BELUSO

- 1.- Peticionario: **ANTONIO DAVILA ÁLVAREZ E DOLORES DAVILA ÁLVAREZ.**
- 2.- Domicilio: Rúa Nova de Arriba 68.
- 3.- Data da solicitude: 07/09/2009.

- 4.- Obxeto da obra: **LICENCIA PARCELACIÓN.**
- 5.- Lugar: **UNIDADE ACTUACIÓN UA4- BELUSO.**

Presenta proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Santiago Gil Fernández visado con data 18/11/2009 e documentación complementaria de data 03/12/2009.

A Xunta de Goberno Local ,

Visto o informe dos Servicios Técnicos Municipais de data 18/09/2009; Visto o informe favorable dos Servicios Técnicos Municipais de data 02/11/2009 que substitúe o anterior en razón da documentación aportada polo interesado; Vista a escritura de constitución da Xunta de Compensación da UA4 de data 14/12/2006 na que figura unha parcela de 140,04 m incluída na devantida UA e que forma parte doutra maior sen título; Visto o certificado visado con data 03/12/2009 asinado polo redactor do proxecto no que se sinala que as superficies reais das parcelas se corresponden coas que figuran no proxecto; A tenor do sinalado no artigo 195.4 da LOUGA: "... unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos".

Visto que segundo consta nos informes dos sevcios técnicos antes sinalados a parcela inicial de 563,05 m2 se ubica no lugar de Rúa Nova de Arriba;

Visto que xurídicamente se trata de dúas parcelas xa divididas con dúas calificacións de solo diferentes, 133,6 m2 dentro da UA4, segundo consta na escritura de constitución da Unidade de Actuación e 429,45 en Ordenanza 12, sen título;

Por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE CONCEDER LICENCIA DE PARCELACIÓN** solicitada segundo Proxecto técnico asinado polo Arquitecto Técnico Santiago Gil Fernández visado con data 18/11/2009 e documentación complementaria de data 03/12/2009 nos seguintes termos:

PARCELA INICIAL: 563,05 m2.

PARCELAS RESULTANTES:

Parcela 1.-	133,6 m2.
Parcela 2.-	429,45 m2.

Condicións:

A licenza se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexucio de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.



4. DISTRIDICH ABRASIVOS Y HERRAMIENTAS S.L. E OUTRO.- SEGREGACIÓN/PARCELACIÓN NO NORTE

1.- Peticionario: **DISTRIDICH ABRASIVOS Y HERRAMIENTAS E LAURA MASENLE JUNCAL.**

2.- Domicilio: Outeiro nº 35.

3.- Data da solicitude: 17/11/2009.

4.- Obxeto da obra: **SEGREGACIÓN/AGREGACIÓN PARA REGULARIZACIÓN PARCELAS.**

5.- Lugar: **NORTE**

Proxecto técnico asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Francisco Díaz Juncal, visado con data 15/12/2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes,

Visto o informe dos Servicios Técnicos Municipais de datas 26/11/2009; Visto o informe favorable dos Servicios Técnicos Municipais de data 14/01/2010 que substitúe os anteriores en razón da documentación aportada polo interesado; Visto o documento de propiedade obrante no expediente de data 29/12/1979, relativa á propiedade de D^a Laura Masenlle Juncal e a certificación catastral correspondente á parcela de Distridisch Abrasivos; Visto asimesmo o certificado emitido polo redactor do proxecto, (incluído na Memoria) no que se sinala que as superficies das parcelas que figuran no proxecto se corresponden coas reais; A tenor do sinalado no artigo 195.4 da LOUGA: "... unha vez presentado ante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos".

Visto que segundo consta nos informes dos sevcios técnicos antes sinalados a parcela se ubica no lugar de Outeiro, dentro da delimitación de solo rústico de protección ordinaria, regulado pola Ordenanza nº 8 das NNSSMM de Bueu.

Visto o artigo 206.1 da LOUGA no que se sinala que poderán autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto, sen que en ningún caso esta regularización poderá implicar o aumento ou a diminución de máis do 5% da suoefficie das parcelas orixinarias;

Visto que a solución presentada supón unha mellora da configuración das parcelas sen que exista incremento ou diminución das superficies das parcelas;

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE CONCEDER** licencia de segregación-parcelación solicitada - Proxecto técnico asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Francisco Díaz Juncal, visado con data 15/12/2009, nos seguintes termos:

PARCELAS INICIAIS:

Parcela A: 1.768 m2.

Parcela B: 866 m2.



Superficie permutada: 411 m².

PARCELAS RESULTANTES:

Parcela A: 1.768 m².

Parcela B: 866 m².

Condicións:

A licenza se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuício de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17/06 de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

Planeamento Urbanístico:

1. JOSÉ BENITO MÁRQUEZ BELLO.- ESTUDIO DE DETALLE EN A. BÓVEDA

1.- Peticionario: **JOSÉ B. MÁRQUEZ BELLO.**

2.- Domicilio: R/ Pazos Fontenla nº 84-3ºA.

3.- Data da solicitude: 12/06/2009.

4.- Obxeto da obra: **ESTUDIO DETALLE.**

5.- Lugar: R/ Alexandre Bóveda esquina Pazos Fontenla.

Presenta proxecto técnico asinado polo Arquitecto José Míguez León, visado con data 04/06/2009, documentación complementaria visada con data 07/08/2009, 14/10/09 e 10/11/2009 e Texto Refundido con nº Rexistro 006 e data 04/01/2010.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes,

Vistos os informes dos servizos técnicos municipais de datas 30/06/2009, 25/08/2009, 28/10/2009 e 26/11/2009; Visto o informe dos servizos técnicos municipais de data 14/01/2010 que sustitúe ós anteriores en razón da documentación aportada polo interesado;

Visto que de acordo coas NNSSMM as edificacións se ubican en Solo Urbano Consolidado, regulado pola Ordenanza 14 “Solo Urbano de actuacións unitarias”, permitíndose completar ata dúas plantas debendo manterse o carácter unitario do conxunto. Para acadar este obxectivo impónse a obrigatoriedade dun proxecto global a nivel de Estudio de Detalle e que o aspecto arquitectónico acade o nivel de anteprojecto;

Visto o establecido no art. 73 da LOUPMRG no seu apartado 1.c no que se sinala que en desenvolvemento dos plans xerais poderán redactarse estudos de detalles para unidades urbanas equivalentes completas co obxectivo de “ Concreta-las condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento”

Visto o establecido no artigo 86.2 da devandita lei no que se sinala que os Estudos de Detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia. A vista do resultado da información pública, o órgano competente municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes;



Visto que o documento presentado non incurre en ningún dos supostos do apartado 2 do artigo 73 e se limita a concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións,

Por unanimidade dos seus membros presentes **RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN INICIAL** ó estudio de Detalle presentado, visado con data 04/06/2009 e documentación complementariavisada con data 07/08/09, 14/10/09 e 10/11/09 e Texto Refundido con num. de Rexistro 006 e data 04/01/2010.

Nas condicións sinaladas no informe favorable dos servizos técnicos de data 14/01/2010 e coa seguinte Ordenanza:

“CONDICIÓN ESTÉTICAS E DE COMPOSICIÓN:

Os materiais da fachada serán de pedra do país e enfoscados acabados en branco ou en cores claros de tonalidade marfil. Os tellados estarán rematados de tella do país. A carpintería será de madeira ou de PVC lacado en color madeira.”

De acordo co sinalado propónse a aprobación inicial do Estudio de Detalle, debendo someterse a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia e se notificará de xeito persoal os propietarios das vivendas incluídas no seu ámbito.

Este expediente someterase a información pública polo prazo de **VINTE DÍAS** mediante inserción de anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior circulación na provincia e se notificará de xeito persoal ós propietarios das vivendas incluídas no seu ámbito.

Actividades inócuas e clasificadas:

1. ANDREA L. GARCÍA HERNÁNDEZ.- TROCO TITULAR CAFE BAR EN MONTERO RÍOS

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D^a Andrea Laura García Hernández, solicitando troco de titularidade da licenza municipal de Café-Bar para local sito en Montero Ríos num. 48, deste termo municipal, figurando mediante acordo adoptado con data 18/03/2005 a favor de Javier Miranda Ferradás.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA AUTORIZAR O TROCO DE TITULARIDADE** solicitado.

DISPOÑENDO, a expedición dunha nova cartulina identificativa desta nova autorización a favor de D^a Andrea Laura García Hernández con NIF 05312091B e moradía na Rúa Montero Ríos num. 48, deste termo municipal, procedendo á anulación da expedida a nome de **JAVIER MIRANDA FERRADÁS** mediante acordo adoptado con data 18 de Marzo de 2.005.

Dar traslado do acordo adoptado á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de troco de titularidade dos recibos derivados da actividade e que figuren a nome da anterior titular.

2. MAGIC C.B. TROCO TITULAR CAFE BAR EN MONTERO RÍOS

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA A RETIRADA** deste asunto da orde do día da convocatoria por canto cómpre acreditar o pago da taxa por troco de titular por Montero Ríos.

Figura pago da Taxa en Ramal dos Galos.



3. MARÍA MARTÍNEZ SAMPEDRO.- APERTURA PENSIÓN NA ACHADIZA

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D^a María Martínez Sampedro no que se solicita autorización Municipal para apertura de local adicado a “PENSIÓN” sito na planta primeira do edificio num. 35 do lugar da Chadiza, deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Segundo consta no informe de Sanidade o local reúne as condicións sanitarias esixidas para a súa apertura e funcionamento.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local no lugar da Achadiza num. 35 (Bueu), para adicala a Pensión- Residencia dunha estrela.

DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que serve de base á concesión de licencia de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.

4. OSCAR CAIÑO JUNCAL.- APERTURA CLÍNICA MASAXES NAS LAGOAS

Dada conta do expediente tramitado a instancia de D. Oscar Caiño Juncal no que se solicita autorización Municipal para apertura de local adicado a “CLÍNICA DE MASAXES” sito na planta primeira do Portal num. 7 da Urbanización de “As Lagoas”

A Xunta de Goberno Local, por canto segundo consta no informe técnico elaborado ós efectos de comprobación da solidez e seguridade do local, e logo da inspección realizada, neste non se aprecian lesións nin desperfectos na súa estrutura e salvo a existencia de vicios ocultos o local presenta seguridade e solidez absoluta para adicalo á actividade aludida baixo as condicións normais de uso.

Por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA CONCEDER LICENCIA MUNICIPAL para proceder á apertura de local sito na Planta Primeira do Portal 7 da Urbanización de “As Lagoas”, deste termo Municipal para adicalo a “CLINICA DE MASAXES”

DISPOÑENDO:

- A expedición dunha cartulina acreditativa desta resolución.
- Dar conta á Oficina de Xestión Tributaria ós efectos de alta nos impostos e taxas que deriven desta nova actividade.
- En todo caso a actividade autorizada deberá acomodarse á nova normativa reguladora que vaia entrando en vigor sen necesidade de requerimento previo. Asemade indícaselle que a efectividade desta autorización está supeditada a que o local se atope e permanezca acondicionado tal como se reflicte nos planos e restante documentación técnica que serve de base á concesión de licencia de apertura e cumpra os condicionamentos ós que quedara suxeita esta autorización.



C) RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

1. DACIÓN CONTA R.A. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN 6 SANEAMENTO EN MEIRO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN. Á Resolución adoptada pola Alcaldía Presidencia con data 22 de Decembro de 2.009 pola que se presta aprobación á certificación num. 6 e factura das obras Saneamento en Meiro-Bon de Arriba e Bon de Abaixo presentada por Aqualia, Gestión Integral da Auga S.A. e polo importe de 14.926,07€ dos que 2.058,77€corresponden ó Ive.

Ratificándose no seu contido literal.

2. DACIÓN CONTA R.A. DETERMINACIÓN OBRAS PPC/2010

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN á Resolución adoptada pola Alcaldía Presidencia con data 29 de Xaneiro de 2.010 que a seguir se indica:

ASUNTO: DETERMINACIÓN OBRAS PPC/2010

Dada conta das instrucións recibidas do Servicio de Cooperación da Exma. Deputación Provincial, para determinar as obras a incluir no Plan Provincial de Cooperación do exercicio 2.010

Polo exposto, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante en materia de Réxime Local.

Pola presente veño en,

RESOLVER:

1. Avoca-la delegación efectuada na Xunta de Goberno Local para o trámite de solicitude de subvencións, ós únicos efectos de solicitar á Deputación Provincial a inclusión das obras descritas, xustificándose esta avocación na urxencia en determina-las obras a incluir no Plan Provincial de Cooperación cara ó exercicio de 2.010 e o inminente remate do prazo establecido para este fin.
2. SOLICITAR DA EXMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A INCLUSIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN 2.010 das obras que se indican:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN	
Descrición da obra	Orzamento
Principal.-“Alumeado Público na Zona de Camiño Soutelo-A Chabola no Concello de Bueu	70.632,26€
Complementaria.-“Instalación de alumeado no Campo de Fútbol de Cabalo no Concello de Bueu”	70.632,26€

3. Dar conta en Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre, instando en todo caso a súa ratificación.

Bueu, 29 de Xaneiro de 2.010

O ALCALDE,

DIANTE MIÑA, A SECRETARIA

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



Asdo. Félix Juncal Novas

Asdo. Lucía Artime Alonso

Ratificándose no seu contido literal.

D) BENS

1. FRANCISCO JAVIER VILLARROEL BEN E OUTRA.- CESIÓN DE TERREOS REGULARIZACIÓN VIARIA NO VALADO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA ACEPTAR a cesión formalizada por D. Francisco Javier Villarroel Ben e María Angeles Santos Rodríguez con data 3 de Febreiro último, como consecuencia de expediente de licencia que se está a tramitar para legalización e ampliación de vivenda unifamiliar aillada de sótano, Planta baixa no lugar do Valado, deste termo Municipal.

Nos seguintes termos:

Documento aportado.- Xustifica a titularidade da finca mediante escrituras de Agrupación de fincas e compravenda num. 721 e 1143 formalizados diante notarios D. José del Cerro Peñalver e Gerardo García-Boente Sánchez respectivamente.

Descripción da finca.- Valado a viña e inculco, ten unha extensión superficial segundo título previo de seiscentos oitenta e sete metros cadrados, aínda que segundo reciente medición resulta unha superficie de setecentos sesenta e seis metros cadrados.

Linda: Norte Este e Oeste camiño e Sur Antonio Fernández.

Formalización da cesión.- D. Francisco Javier Villarroel Ben e D^a María Angeles Santos Rodríguez fan cesión expresa do dominio pleno dos terreos a que se refire o obxecto da presente comparecencia, cuxa extensión acada a superficie total de 148,80 m², segundo planos de emplazamento num. 01 visado polo COAG con data 2 de Abril de dous mil nove. que asemade se unen á presente acta.

Esta Resolución motivará as oportunas inclusións no inventario de Bens do Concello e no Rexistro da Propiedade.

2. LEANDRO VIDAL RODRÍGUEZ E OUTRA.-CESIÓN TERREOS REGULARIZACIÓN VIARIA EN MONTEMOGOS

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE ACEPTAR A CESIÓN formalizada por D. Leandro Vidal Rodríguez e D^a María José Pérez Piñeiro como consecuencia de expediente de licencia que se está a tramitar para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Montemogos.

E nos seguintes termos:

Documento aportado.- Xustifica a propiedade mediante aportación de escritura de compravenda num. 1441 formalizada en Cangas diante a Notaría do Ilustre Colexio de Galicia D^a María Ángeles Otero Seivane con data 29 de Novembro de dous mil sete.

Descripción da finca.- Pedreira o Canesiña, a viña, sita no lugar de Montemogos, parroquia de Beluso, termo Municipal de Bueu (Pontevedra).

Ten unha extensión superficial de CINCOCENTOS METROS E SETENTA DECÍMETROS CADRADOS.

Linda : Norte, Aurelia Comesaña; Sur, Parcela segregada de ésta; Este, camiño e Oeste Generosa Abilleira Novas.

Formalización da cesión.- Os Sres. Leandro Vidal Rodríguez (éste representado pola súa dona) e D^a María José Pérez Piñeiro, fan cesión expresa do dominio pleno dos terreos a que se refire o obxecto da presente comparecencia, cuxa extensión acada a superficie total de 64,76 m² segundo planos de situación e deslinde que asemade se unen á presente acta.



Esta Resolución motivará as oportunas inscricións no inventario de Bens do Concello e no Rexistro da Propiedade.

3. JOSÉ M. REIRIZ OTERO.- NICHOS NO CEMITERIO DE BUEU

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA COMUNICAR Ó SOLICITANTE** que a súa solicitude debe quedar pendente de tratamento conxunto co resto de peticións, en tanto non se leve a cabo a ampliación do citado Cemiterio.

E) ASUNTOS ECONÓMICOS

1. MARÍA CARMEN RIOBÓ GARCÍA.- DEVOLUCIÓN FIANZAS RECHEO, MURO CONTENCIÓN

A Vista da solicitude de devolución de garantía presentada por D^a María Carmen Riobó García num. 7818 de 28/12/2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes segundo informe técnico favorable.

Por canto consta depósito de fianza en metálico para responder das obras de recheo, muro de contención e rasanteos para construción de vivenda unifamiliar en Torre e polo importe de 2.517,88€

RESOLVE a devolución da garantía depositada en concepto e importe arriba reseñado.

2. JOSÉ B. RUIBAL FARIÑA.- DEVOLUCIÓN FIANZA CONSTRUCCIÓN POZO EN VILAR

A Xunta de Goberno Local pñor unanimidade dos seus membros presentes, por canto queda acreditado o depósito de fianza depositada en metálico por importe de 1.220,00€ para responder da construción de pozo de auga.

Segundo queda acreditado no informe técnico emitido de que o Pozo está construído.

RESOLVE a devolución da garantía depositada en concepto e importe arriba reseñado.

3. BELYPA.- DEVOLUCIÓN FIANZA ACOPIOS REURBANIZACIÓN JOHAN CARBALLEIRA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE A RETIRADA deste asunto da orde do día da convocatoria.

4. MOVEX VIAL.- DEVOLUCIÓN FIANZA ACOPIOS PROLONGACIÓN E MELLORA REDE PLUVIAIS RUA A. BÓVEDA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, segundo informe técnico favorable RESOLVE a cancelación do aval depositado para responder das obras de “Prolongación e Mellora na Rede de Pluviais da Rúa Alexandre Bóveda PAM 2006-2008” e polo importe de 2.580,11€

5. NAROM.- DEVOLUCIÓN FIANZA REPAVIMENTACIÓN E AMOBLAMENTO E. VINCENTI

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE a cancelación do aval depositado para responder das obras de repavimentación e amoblamento da Rúa Peonil Eduardo Vincenti á vista do informe técnico asinado con data 3 de Febreiro de dous mil dez e polo importe de 19.429,20€



6. NAROM.- DEVOLUCIÓN FIANZA ACOPIOS REURBANIZACIÓN RUAS FRANCISCO ESCÁNEO E A. BÓVEDA

Erro na convocatoria: Debe decir corrección erro Xunta de Goberno Local Devolución aval correspondente ás obras de Reurbanización das Rúas Francisco Escáneo e Alexandre Bóveda.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA RECTIFICAR o erro material detectado, quedando redactado o acordo adoptado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de Decembro de 2.009, nos seguintes termos:

“En relación co escrito de D. José Luis Varela en representación de Narom S.L. de data 29/05/09 (num. de Rexistro de entrada 3465 de data 29/05/09) polo que solicita a devolución de fianza constituída en aval correspondente á obra de REURBANIZACIÓN DAS RÚAS FRANCISCO ESCÁNEO E A. BÓVEDA, polo importe de 150.000,00€

Por canto a empresa constituiu as fianzas polos importes que se relacionan e así consta reflectido na Contabilidade Municipal con data 12/11/09.

Considerando que a certificación por acopios de data 28/11/08 realizada para a mencionada obra axústase ó artigo 155 do RD 1098/2001 de 12 de Outubro, polo que se aproba o “Reglamento da Ley de Contratos das Administracións Públicas.”

Por canto a data de hoxe, rematada e recibida a obra completa considérase que debe devolverse o aval no seu día depositado polo contratista.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE A CANCELACIÓN do aval depositado a favor de Narom S.L., en concepto e importe arriba reseñados.

7. DACIÓN CONTA MODIFICACIÓN VALORACIÓN ORZAMENTO LICENZA MUNICIPAL NA TORRE

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA PRESTAR APROBACIÓN ó novo orzamento de execución material estimado en proxecto para licenza municipal na Torre á vista do informe técnico de 8 de Enero de 2.010, quedando fixado en 184.035,18€

F) SERVIZOS SOCIAIS

1. ALTA BENEFICIARIOS AXUDA NO FOGAR

Dada conta da Comunicación do Departamento de Benestar Social deste Concello, nos seguintes termos:

<p style="text-align: center;">COMUNICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL ASUNTO: ALTA DE BENEFICIARIOS DE DEPENDENCIA AXUDA NO FOGAR ANO 2010</p>

A actual relación de beneficiarios do servizo municipal de axuda no fogar é a seguinte:



A Xunta de Goberno Local resolve prestar aprobación á Alta de Beneficiarios de Axuda no Fogar nos termos indicados e que constan na comunicación arriba transcrita.

2. INCIDENCIAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA PRESTACIÓN BÁSICA

BENEFICIARIO	D.N.I.	Grao e Nivel	Data de alta	Data de baixa	Nº de horas/mes	Tipo de servizo	Aportación do usuario
Dolores Villaverde Freire	35887429	Grao III Nivel 2	01/01/10		90	Atención doméstica e persoal	0%
Celia Villar Rey	35151370	Grao III Nivel 1	01/01/10		70	Atención persoal	0%
José Fazanes Bello	35166325	Grao III Nivel 1	01/01/10		55	Atención persoal	10%
Amalia Solla García	35168912	Grao III Nivel 2	01/01/10		70	Atención persoal	0%
Benedicta Martínez Pazos	35263452	Grao III Nivel 2	01/01/10		70	Atención doméstica e persoal	0%
Matilde García Davila	35281060	Grao III Nivel 2	01/01/10		70	Atención persoal	0%
Miguel Tenorio Gallego	35167614	Grao II Nivel 1	01/01/10		40	Atención doméstica e persoal	0%
Manuel Piñeiro Villar	35166480	Grao II Nivel 1	01/01/10		35	Atención doméstica e persoal	0%
Salvador Fonseca Costas	35297148	Grao II Nivel 1	01/01/10		30	Atención doméstica e persoal	0%
Faustino Fonseca Costas	35297147	Grao II Nivel I	01/01/10		30	Atención doméstica e persoal	0%

Dada conta da COMUNICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL que se transcribe:

“ASUNTO: INCIDENCIAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA PRESTACIÓN BÁSICA.

As incidencias producidas na actual relación de beneficiarios/as do S.A.F. da Prestación Básica, como consecuencia dos cambios nas circunstancias socio-económicas dalgúns dos/das beneficiarios/as son as seguintes:

BENEFICIARIO/A	INCIDENCIAS	CAUSA
----------------	-------------	-------



Juan José Estévez Pastén D.N.I.: 52.491.531	Redución de horas a 15 horas ao mes.	Mellora no seu estado de saúde.
Mª Pilar Miranda Gómez D.N.I.: 34.406.455	Redución de horas a 24 horas ao mes.	Mellora no seu estado de saúde.
María González López D.N.I.: 35.167.614	Baixa no S.A.F. municipal mediante Prestación Básica.	Alta como usuaria do S.A.F. de Dependencia.

O que se comunica para a súa aprobación e posterior traslado aos interesados en Bueu a dous de febreiro de dous mil dez., A traballadora social., Ana del Río Pastoriza"

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, dispoñendo o traslado ós intersados ós efectos oportunos.

G) *SERVIZOS E OBRAS MUNICIPAIS*

1. REGULARIZACIÓN CONCESIÓN POSTOS MERCADILLO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA regularizar os postos de Venda Ambulante para o exercicio da actividade de venda ambulante no recinto do Mercadiño desta Vila ós que ata de agora presentaron a documentación requirida e que de seguido se indican:

APELIDOS E NOME	NIF	Artigo/ Vencemento Seguro Responsabilidade Civil
IRIA FANDIÑO SANTOS	53114324X	Textiles (Vto. 27/07/2010)
GUILLERMO IGLESIAS RODAL	76811704F	Textiles (Vto. 12/01/2010)
PAULA MARCOS GIL	73241818C	Textiles (Vto. 12/01/2010)
MILAGROS CORTES GONZALEZ	35323066B	Textiles (Vto. 12/01/2010)
Mª DEL PILAR PORTELA SUAREZ	78731667E	Textiles ((Vto. 12/01/2010)
CARMEN RAMOS VAZQUEZ	78780943D	Productos alimenticios(Vto. Seguro 26/02/2010)
MOR WADE	X0659635H	Outras clases de mercadorias (Vto.Seguro 20/10/09)
Mª LOURDES GUTIERREZ GARCIA	35294964S	Calzado
MONICA VIDAL FREIJEIRO	44088375C	Téxtiles
MANUELA GONZALEZ MALVIDO	76834601L	Téxtiles

En todo caso deberán dar cumprimento ó disposto na Ordenanza reguladora da taxa e demais disposicións actualmente en vigor.

O Concello resérvase a posibilidade de modifica-la ubicación do Mercadiño, horarios ou días de celebración sen que os cambios producidos den dereitos de indemnización ó concesionario do posto.

Estas renovacións quedan condicionadas á presentación e xustificación ante o Concello de Bueu da actualización do Seguro de Responsabilidade Civil e que cubra a anualidade de 2.010.

2. RENOVACIÓN CONCESIÓN POSTOS MERCADILLO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA A RENOVACIÓN para o exercizo da venda ambulante en 2.010 dos postos de Venda ambulante que a seguir se indican:

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



APELIDOS E NOME	NIF	Artigo/Vencemento Seguro Responsabilidade Civil
M ^a CARMEN PEREZ PAZO	76834445R	Outras clases de mercadorias
MARIA AUGUSTA AMORIN FERNANDEZ	X0871215K	Téxtiles
ANA MARCOS GIL	76810760Y	Téxtiles
ANA MARIA IGLESIAS GONZALEZ	35986556	Téxtiles

En todo caso deberán dar cumprimento ó disposto na Ordenanza reguladora da taxa e demais disposicións actualmente en vigor.

O Concello resérvase a posibilidade de modifica-la ubicación do Mercadiño, horarios ou días de celebración sen que os cambios producidos den dereitos de indemnización ó concesionario do posto.

Estas renovacións quedan condicionadas á presentación e xustificación ante o Concello de Bueu da actualización do Seguro de Responsabilidade Civil e que cubra a anualidade de 2.010.

3. DACIÓN CONTA AUTORIZACIÓN AUGAS DE GALICIA PARA ACONDICIONAMENTO ENTORNO GARDERÍA MUNICIPAL

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA da Resolución adoptada polo Presidente do organismo autónomo “Augas de Galicia” pola que se legalizan as obras de muro de peche e autorizan a execución das obras de acondicionamento do Entorno da Gardería Municipal e muro de contención na marxe esquerda do Río Vispo, no lugar de Valado no Concello de Bueu (Pontevedra) realizadas polo Concello de Bueu.

ACEPTANDO os seus termos e condicións.

H) AXUDAS E SUBVENCIÓNS

1. SOLICITUDE SUBVENCIÓN AGADER 2.010

Dada conta da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de 15 de Decembro de 2.009 pola que se anuncia convocatoria para subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para o ano 2.010 publicada no DOG num. 250 de 24 de Decembro de 2.009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE:

- Prestar aprobación ás obras que se van realizar consistentes na “Reurbanización do Entorno da Capela de Ermelo”, cun orzamento de execución por contrata de 248.800,00€
- Solicitar subvención ó abeiro do establecido na devandita convocatoria consistente na Conservación e Mellora do Patrimonio Rural e por importe de 200.000,00€ co fin de execución das obras de “Reurbanización do Entorno da Capela de Ermelo”

ACEPTANDO as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de 15 de Decembro de 2.009 pola que se anuncia convocatoria para subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para o ano 2.010., publicada no DOG num. 250 de 24 de Decembro de 2.009.



2. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓN CONSELLERÍA ECONOMÍA E INDUSTRIA, DENEGACIÓN SUBVENCIÓN PARA REHABILITACIÓN E MELLORA INFRAESTRUCTURAS PARQUES EMPRESARIAIS

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA da Resolución adoptada pola Consellería de Economía e Industria (Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas) pola que se denega ó Concello de Bueu unha subvención para a habilitación e mellora de infraestructuras nos parques empresariais e recintos de localización preferentes de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2.009- 2ª Convocatoria)

1) RECURSOS E RECLAMACIÓN S

1. DACIÓN CONTA AUTO DESESTIMENTO PROCEDIMENTO 238/09, XOSÉ CARLOS DURÁN GALLEGO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA do auto do Xulgado do Contencioso Administrativo num. 3 de Pontevedra recaído en Procedemento ordinario 0000238/2009 de Xosé Carlos Durán Gallego contra o Concello de Bueu polo que se acorda ter a D.César Angel Escariz Vázquez en nome e representación de D. Xosé Carlos Durán Gallego desestido na persecución deste procedemento.

2. DACIÓN CONTA ESTIMACIÓN RECURSO CONTENCIOSO INTERPOSTO POR BENITO DIZ AVE, ROCEDEMENTO ORDINARIO 258/08

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA da sentenza num. 337/09 recaída en recurso Contencioso Administrativo procedemento ordinario 258/08 presentado por D. Benito Diz Ave contra o Concello de Bueu.

Polo que,

ESTÍMASE o recurso contencioso Administrativo interposto por D. BENITO DIZ AVE fronte ó Concello de Bueu contra Resolución d e 19 de Outubro de 2007 da Xunta de Goberno Local que otorgou a D. Horacio Ismael Maquieira Millar licencia para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en Castiñans num. 75, deste Municipio.

Sen Pronunciamento en materia de Costas.

3. DACIÓN CONTA SENTENZA 344/09, RECURSO JOSÉ POUSADA BOUBETA E OUTRO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA da sentenza 334/2009 recaída en recurso Contencioso Administrativo procedemento ordinario 369/2008-P presentado por D. José Pousada Boubeta, Constantino Portela Juncal contra o Concello de Bueu.

Polo que,

DESESTÍMASE o recurso Contencioso-Administrativo presentado por D. José Pousada Boubeta e D. Constantino Portela Juncal contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto o 31 de Xullo de 2008 contra a resolución de Pleno do Concello de Bueu de 4 de Xuño de 2008 na que se desestimaron as alegacións dos demandantes ó borrador de convenio urbanístico presentado por Desenvolvementos Urbanísticos Beluso S.L. e ratificouse definitivamente o texto do convenio aprobado en sesión plenaria de 28 de Marzo de 2.008), declarando axustada a dereito a actividade administrativa impugnada.

Non facendo condena en costas.



4. DACIÓN CONTA REQUERIMENTO PAGO DÉBEDA A LEASE PLAN SERVICIOS S.A.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA do requerimento do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción num. 1 de Marín a instancias de D^a Pilar Hermida Paredes procuradora dos tribunais en nome e representación de LEASE PLAN SERVICIOS S.A. fronte ó Concello de Bueu , en reclamación de 60.496,00€

Polo que,

REQUÍRESE ó Concello de Bueu para que no prazo de VINTE DÍAS pague ó petionario a cantidade de 6.496,00€acreditándolo diante o Xulgado.

ACEPTANDO os seus termos e dispoñendo o traslado ó Departamento de Intervención Municipal para o seu cumprimento nos termos requeridos.

5. DACIÓN CONTA SENTENZA 03/2010 XULGADO PRIMEIRA INSTANCIA NUM. 1 DE MARIN, RECLAMACIÓN DÉBEDA D. ENRIQUE DEVESA PÉREZ BOBILLO

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus memros presentes QUEDA ENTERADA da sentenza dictada polo Xulgado de Primeira Instancia num. 1 de Marín recaída en procedemento Xuizo verbal num. 000521/2009.

Polo que,

ACOLLER INTEGRAMENTE A DEMANDA presentada pola procuradora dos T ribunais Sra. Pardo de Ponte en nome e representación de ENRIQUE DEVESA PÉREZ BOBILLO, fronte ó Concello de bueu e en consecuencia condenar ó demandado CONCELLO DE BUEU a aboar ó demandante ENRIQUE DEVESA PÉREZ BOBILLO a cantidade de OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (883,75€) e ó pago da cantidade que resulte en concepto de xuro legal respecto da devandita cantidade, dende o 28/01/08 ata o seu efectivo pago, todo o anterior con expresa condena das custas procesuais causadas na instancia ó demandado.

ACEPTANDO os seus termos e dispoñendo o traslado ó departamento de Intervención Municipal para o seu cumprimento nos termos requeridos.

6. DACIÓN CONTA REMATE PROCESO EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes QUEDA ENTERADA do auto do Xulgado polo que se declara rematado o proceso de execución de títulos xudiciais seguido a instancia de A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA S.A. contra o Concello de Bueu, sen imposición de costas.

ACEPTANDO os seus termos e dispoñendo o traslado ó departamento de Intervención Municipal para o seu cumprimento nos termos requeridos.

7. DACIÓN CONTA SENTENZA 04/2010 XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM. 3 DE PONTEVEDRA, RECURSO EUGENIO RODRÍGUEZ PEDROUSO.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes queda enterada da sentenza 4/2010 do Xulgado Contencioso Administrativo num. 3 de Pontevedra recaída en procedemento abreviado 388/09 presentada por D. Eugenio Rodríguez Pedrouso contra o Concello de Bueu.

Polo que,



ESTIMAN o recurso Contencioso Administrativo interposto por D. Eugenio Rodríguez Pedrouso fronte o Concello de Bueu seguido como proceso abreviado num. 388/09 contra desestimación presunta por silencio da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada e que solicitaba unha indemnización polos danos e perxuízos que se lle ocasionaron a causa dun accidente sufrido por un vehículo da súa propiedade o 05/03/09 por un impacto cun contedor de lixo desprazado sobre a calzada.

CONDENANDO ó Concello de Bueu a abonarlle ó recurrente a cantidade de 270,54€ con actualización da mesma conforme ó IPC ata a data desta sentenza, máis os correspondentes intereses legais dende a data da súa reclamación en vía administrativa (06/03/09) sen pronunciamento en materia de costas.

ACEPTANDO os seus termos e dispoñendo o traslado ó departamento de Intervención Municipal para o seu cumprimento nos termos requeridos.

J) OUTROS ASUNTOS

1. PROPOSTA ALCALDÍA APOIO PROXECTO ANDURIÑA CENTRO DE DÍA

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes ACORDA a retirada deste asunto da orde do día da convocatoria

K) ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon

FORA DA ORDE DO DÍA

Previa declaración da Urgencia na forma regulamentaria ADOPTÁRONSE os seguintes ACORDOS:

1. PROMOCIONES INMOBILIARIAS O CUARTEIRÓN S.L.U.- RECEPCIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA URBANIZACIÓN DA MAZÁ MASSÓ DELIMITADA POLAS RUAS EDUARDO VINCENTI, PAZOS FONTENLA, JOHAN CARBALLEIRA E MONTERO RÍOS.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE a recepción PROVISIONAL E DEFINITIVA das obras de Urbanización da Mazá Massó delimitada polas Rúas Eduardo Vincenti, Pazos Fontenla, Johan Carballeira e Montero Ríos, sinaladas de acordo co informe do Arquitecto Municipal de 29/01/2010 e informe xurídico de 29/01/2010.

2. PROPOSTA CONCELLEIRO DE CULTURA.- PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES CULTURAIAS

Dada conta da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura, que a seguir se transcribe dun xeito literal:

PROPOSTA: Prezo público actividades culturais

Dende a concellería de Cultura veñen de programarse diversas actividades. Á vista do informe de custos presentado polo animador sociocultural do Concello con data 04/02/2010, e co fin de regular o seu funcionamento PROPONSE a fixación dos prezos públicos consignados na táboa que segue, xustificándose, de ser o caso, a diferenza entre a recadación prevista e o custo da actividade polo interese polo interese social e cultural da mesma, de acordo co previsto no artigo 4º da ordenanza non fiscal nº 1, reguladora do prezo público pola organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais festivas e culturais.



ACTIVIDADE	CUSTO ACTIVIDADE	PREVISIÓN USUARIOS/AS	PREZO PÚBLICO	PREVISIÓN RECADACIÓN
PROXECCIÓN SERIE INFANTIL	690 €	910	1 €	910 €
CICLO DE TEATRO 2010	15.000 €	2.400	1 €	2.400 €

Pola Interventora Municipal faise constar o seguinte:

Dacordo co establecido no artigo 4º da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola Organización de cursos, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais polo Concello de Bueu, corresponde á Xunta de Goberno Local o establecemento individualizado e exacto do prezo público de cada un dos cursos, obradoiros, programas ou actividades que se pretenda realizar, á vista das propostas debidamente formuladas polos departamentos correspondentes que necesariamente deberán incluír o informe do responsable do departamento no que se faga constar o custo real do curso, obradoiro, programa ou actividade a realizar debidamente detallado e desglosado.

No referente á contía o artigo 4 prevé que deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos, deberá consignar nos orzamentos do Concello as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante. Dos datos obrantes no expediente non se pode extraer conclusións en canto ó cumprimento do citado artigo, xa que nalgúns casos non supera o coste do servizo non se acredita razóns sociais, benéficas culturais ou de interese público que así o aconsellen

Asimesmo o artigo 5º da Ordenanza se refire á Xestión e cobro do Prezo Público, indicando que o pago do prezo público efectuarase ó formular a solicitude ou inscrición nas entidades bancarias colaboradoras establecidas ó efecto.

Recordase o cumprimento do modo de cobro, xa que tal como veño informando con ocasión do cobro dalgunhas destas taxas non se ven cumprido o recollido na citada ordeanza.

A vista do exposto, a funcionario que subscribe o informe manifesta a súa disconformidade nos aspectos sinalados anteriormente por incumprimento da Ordenanza non fiscal de prezo público, sen que a referida disconformidade supoña en ningún caso a suspensión da tramitación do expediente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTAR APROBACIÓN á proposta da Concellería de Cultura, ratificándose no seu contido literal.

3. PROPOSTA DE ACTIVIDADE PROXECCIÓN DA SERIE INFANTIL “CONAN O RAPAZ DO FUTURO”

Dada conta da proposta presentada polo Concelleiro de cultura, que a seguir se transcribe dun xeito literal:

“PROPOSTA DE ACTIVIDADE: PROXECCIÓN DA SERIE INFANTIL: “CONAN, O RAPAZ DO FUTURO”.

FEITOS



- Dende a concellería de Cultura preténdese a organización dunha actividade dirixida ao público infantil consistente na proxección da serie infantil “Conan, o rapaz do futuro”. A actividade levaríase a cabo no Centro Social do Mar tódolos domingos dende o 7 de febreiro ata o 2 de maio, en horario de 12:00 h. a 13:00 h.
- A empresa Melodía Visual presentou un orzamento para a organización da dita actividade que ascende a 690 €.
- Emitiuse un RC por importe de 690 € para afrontar o gasto xerado pola actividade.

PROPOSTA

Autorizar e dispoñer o gasto (AD) para a organización da actividade “Proxección da serie infantil *Conan, o rapaz do futuro*”, *adxudicando a súa execución á empresa Melodía Visual pola cantidade de 690 €*”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, RATIFICÁNDOSE no seu contido literal.

4. PROPOSTA CONCELLERÍA DE CULTURA.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS DURANTE O ANO 2.010

Dada conta da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura de :

- Aprobación bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2010
- Autorizar o Gasto correspondente ata un máximo de 25.000,00€
- Publicar o anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros RESOLVE PRESTARLLE APROBACIÓN, ratificándose no seu contido literal.

DISPOÑENDO a aprobación das bases da convocatoria nos seguintes termos:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS DURANTE O ANO 2.010.

LIMIAR

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència, igualdade, transparencia e obxectividade para a realización de programas, proxectos ou actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

As bases están suxeitas ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Bueu, publicadas no BOP do 17 de febreiro de 2006.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida orzamentaria 451.48900 do Orzamento municipal vixente para o ano 2010, e co límite da súa consignación orzamentaria ó efecto.

O importe máximo por subvención será de 3.000 € Este importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou



recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total do programa, proxecto ou actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

Non se poderá presentar máis dunha solicitude por entidade.

1.- OBXECTO

En xeral, serán obxecto de subvención as actividades desenvolvidas dentro do ámbito municipal que teñan por fin:

- Realización de actividades culturais en xeral, e en especial a promoción ou recuperación da cultura e tradicións locais.
- Dinamización da mocidade de Bueu e fomento das artes plásticas, audiovisuais, musicais ou escénicas.

Os gastos susceptibles de subvención serán os realizados durante o ano 2010.

En xeral, non serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolvan fora do termo municipal.

Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Adquisición, reparación ou mantemento de bens inmobles.
- Consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Gastos derivados de comidas e similares (por exemplo as xuntanzas entre os membros da entidade), *bebidas alcohólicas, tabacos ou calquera outro produto lesivo para a saúde*, que non constitúan a actividade en si, *ou teñan relación coa época*.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- Gastos derivados do uso de equipamentos municipais.

2.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS BENEFICIARIOS

- Estar incluídas no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Bueu, ou polo menos ter feita a solicitude para este Rexistro en data anterior á solicitude da subvención.
- Carecer de ánimo de lucro.
- No caso de ser beneficiaria doutra subvención, axuda económica ou convenio doutra área do Concello de Bueu ou de calquera outro organismo dependente ou autónomo, correspondente ó exercicio económico de 2010, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade.
- Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Bueu, e con calquera outra administración. Neste sentido deberá acreditar no momento da solicitude, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención

Non poderán acceder á concesión das subvencións municipais:

- As entidades que, en virtude da normativa vixente, teñan limitado ou suprimido ese dereito, e especificamente o recollido no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- As entidades que por resolución firme foran sancionadas polo incumprimento das condicións previstas na autorización precisa para o desenvolvemento da actividade.
- As entidades que perderan o dereito á obtención das subvencións como consecuencia do procedemento sancionador correspondente, e polo prazo establecido na resolución.

3.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Aceptar a subvención: entenderase por aceptada salvo que se renuncie expresa e motivadamente á mesma, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir daquel no que reciban a notificación da concesión da subvención.
- Realizar as actividades ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Bueu, así como calquera outras actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



CONCELLO DE BUEU

- Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades ou proxectos que os mesmos están subvencionados polo Concello de Bueu.
- Os beneficiarios asumirán tódalas responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.

4.- SOLICITUDES

As entidades interesadas en participar na presente convocatoria deberán entregar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello a seguinte documentación:

- ANEXO 1.
- MEMORIA EXPLICATIVA: Descrición detallada de cada actividade.
- MEMORIA ECONÓMICA: Descrición, o máis detallada posible, dos gastos e ingresos previstos para cada actividade.
- ANEXO 2.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ó de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS
5.1 PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva (mediante a comparación das solicitudes presentadas), e o órgano encargado do seu outorgamento será a Xunta de Goberno Local, previa proposta motivada da Comisión de Valoración, e Informe dos Servizos Económicos, se procedese.
A composición da Comisión Valoración será a seguinte:
PRESIDENTA/E: O/A Alcalde/sa Presidente/a, ou persoa en quen delegue.
VOGAIS:
o A/O Concelleira/o de Cultura.
o Un representante de cada un dos grupos políticos presentes na Corporación.
SECRETARIA/O: Un/ha traballador/a do concello designado/a pola Alcaldía, con voz e sen voto.
5.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Teranse en conta os seguintes criterios ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos solicitantes.
1. Interese social da actividade no ámbito municipal.
2. Promoción e recuperación da cultura e tradicións locais.
3. Volume de subvencións obtidas para a mesma finalidade.
4. Grao de autofinanciamento.
5. Fomento da non discriminación por razón de xénero nas actuacións propostas.
6. Contribución á normalización dos usos oral e escrito da lingua galega.
7. A continuidade, estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito do programa, proxecto ou actividade para o que se solicita a axuda.
8. O grao de innovación da proposta, sobre todo naqueles sectores culturais que poidan aparecer como deficitarios.
9. A repercusión para o colectivo ao que vai dirixido a actividade en canto á mellora da súa calidade de vida.



10. O número de participantes e a duración da actividade.

11. A repercusión da actividade fóra do municipio.

5.3 NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A resolución de concesión será notificada expresamente a tódolos solicitantes de forma fidedigna, por calquera dos medios previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

5.4. PUBLICIDADE

Publicarase una relación das subvencións concedidas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Bueu, así como na páxina web oficial do Concello de Bueu (www.concellodebueu.org), con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas formularanse os recursos que procedan.

6.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

6.1. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación no Rexistro Xeral dos xustificantes rematará o 30 de decembro de 2010.

6.2. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención farase mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello dos seguintes documentos:

- ANEXO 3: modelo de xustificación.
- Documentos acreditativos dos gastos subvencionados (facturas, etc.).

6.3 FORMA DE XUSTIFICACIÓN

As entidades deberán presentar xustificantes pola unha contía global igual ou superior ao conxunto dos gastos subvencionados, na forma que se dispón no presente artigo.

O Concello modificará as contías a conceder no caso de non xustificar a totalidade dos gastos subvencionados, ou aínda xustificando este total, por non presentar correctamente os documentos xustificativos esixidos neste artigo.

Ademais o Concello poderá reducir proporcionalmente as contías a conceder no caso de que o gasto final reflectido na conta xustificativa resulte sensiblemente inferior ao inicialmente previsto.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perda da subvención e, en consecuencia, ó impago da mesma.

O Concello de Bueu resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello.



Admitiranse como xustificantes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa; os documentos serán orixinais ou copias cotexadas polo/a funcionario/a do Concello responsable do servizo.

Os elementos que deben incluírse nunha factura son os seguintes:

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF.
- Identificación da entidade, co CIF.
- Data de emisión.
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desgreguen e se describan os conceptos desagregados.
- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente.

Cando unha entidade estea exenta de IVE deberá incluírse certificado que acredite esta exención, manifestado por órgano competente.

Para a xustificación dos gastos pertencentes a persoal (cursos, conferencias, etc.) admitiranse nóminas orixinais asinadas polo perceptor, ou ben fotocopias compulsadas.

7.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

- O Concello aboará a cada unha das entidades beneficiarias a contía da subvención, unha vez sexa xustificado o gasto correspondente, segundo o disposto no apartado 6 da presente convocatoria.
- Mediante Resolución da alcaldía, poderán librarse anticipos sobre as subvencións previamente outorgadas.

8.- RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Bueu.

Bueu, 2 de febreiro de 2010

O Concelleiro de Cultura, Mocidade e Innovación

Andrés Lamosa Barros

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as 14.35 horas do día ó principio sinalado, de todo lo que, en canto Secretaria, dou fe.

O ALCALDE,

A SECRETARIA

Asdo. Félix Juncal Novas

Asdo. Lucía Artime Alonso

Concello de Bueu

Rúa de Eduardo Vincenti, 8 36930 Bueu (Pontevedra) · CIF E3600400J · concello@concellodebueu.org · 986 390 029



CONCELLO DE BUEU